

A seguridade segue sen estar garantida en Navantia



A paralización da factoría onte demostrou o que a **CGT** vén mantendo dende o reinicio da actividade: **A SEGURIDADE NON ESTÁ GARANTIDA.** O martes 19 pola tarde, o comité estimou que non había condicións de prevención e decidiu paralizar a actividade ó día seguinte. O mércores 20 non se traballou. **Se o martes non se daban as condicións e o mércores non se traballou, incluída a limpeza, ¿COMO É POSIBLE QUE O COMITÉ DECIDISE QUE HOXE SI HAI CONDICIÓNNS PARA TRABALLAR?** Só coa acción de onte, a empresa xa accedeu a aumentar o persoal de limpeza, máis do que se conseguiu en cinco semanas de debates coa empresa no Comité de Emerxencia sobre deficiencias, propostas, medidas, etc. Imaxinémonos o que se podería lograr se por parte do comité de empresa se elaborase un plan de acción debatido cos traballadores e con obxectivos concretos. A **CGT** opúxose na permanente de onte á noite a que hoxe se retomase a actividade. A nosa proposta foi a seguinte: 1) Para que haxa o reingreso de traballadores, primeiro teñen que estar garantidas as condicións de seguridade. 2) Esas condicións pasan por facer investimentos en recursos materiais e humanos concretos, ó que Navantia se resiste. 3) Establecer un plan de loita sindical para que os traballadores/as non paguemos os pratos rotos desta crise.

A LOITA É O ÚNICO CAMIÑO !

Sección Sindical Unitaria de **CGT** en Navantia-Ferrol